

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DE
OBRADOIRO DE
INICIATIVAS
EMRENDEDORAS

CURSO: 3º DE ESO

IES XOÁN MONTES
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA
M^a BEATRIZ LÓPEZ SOTO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.	4
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	7
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA	9
5. CONTIDOS	10
6. TEMPORALIZACIÓN	11
7. METODOLOXÍA	12
8. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS	13
9. AVALIACIÓN	14
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	
Procedemento de avaliación ordinaria	
Procedemento de avaliación extraordinaria	
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
10.SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN	21
Programa de recuperación:	
a) Da propia materia durante o curso	
b) De materias pendentes doutros cursos	
11.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	22
NIVEIS DE ACTUACIÓN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	25
13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA	26
14. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICs	27
15.SISTEMA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE.	28

1. INTRODUCCIÓN

Desde a Unión Europea considérase que a educación debe preparar a mocidade para a súa incorporación a un mundo cada vez máis cambiante, onde as tecnoloxías e ciencias evolucionan a gran velocidade. Recoñécese a necesidade de fomentar as iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento.

Neste marco a Comunidade Autónoma Galega introduce o fomento do espírito empresarial como un dos obxectivos que ten que acadar polo noso sistema educativo. Establécese a materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras coa finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor dos alumnos e alumnas, así como relacionalos coa realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

Esta materia contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas do ensino secundario, pois, segundo a LOE, na etapa da educación secundaria obrigatoria establécese como finalidade a preparación dos alumnos e alumnas para a súa inserción laboral, prestándolle unha especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa. Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluírá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos; e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación... Esta será a orientación que presida o deseño desta materia.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas do ensino secundario.

En canto á **competencia en comunicación lingüística**, a materia esixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos e as alumnas veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formarse xuízos críticos, a dialogar, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros). Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, expoñendo as ideas, presentando proxectos e produtos, promocionándoos e relacionándose cos potenciais clientes e provedores.

En canto á **competencia matemática**, a materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a utilización de ferramentas de cálculo (especialmente no relativo aos custos e aos beneficios). Tamén será frecuente o uso de información cuantitativa para poder valorar diferentes alternativas, xunto cos elementos e razoamentos matemáticos como ferramenta de axuda para resolver problemas relacionados coas situacións da vida cotiá e na toma de decisións.

A materia contribúe á **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** en canto incorpora habilidades para desenvolverse axeitadamente na comprensión de sucesos e na predición das consecuencias das nosas actividades. Por outra banda, as capacidades desenvolvidas con esta materia facilitarán que os alumnos e alumnas poidan interpretar o mundo tendo unha correcta percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade económica humana. As consecuencias no medio físico da actividade levada a cabo polas empresas serán outro aspecto destacable como

resultado dos contidos traballados na materia, promovendo un uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva como un dos fins que deberá guiar a actividade empresarial.

A materia Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito especial á consecución da **competencia dixital e do tratamento da información**. Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos....

A conexión da materia co desenvolvemento da **competencia social e cidadá** é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquirirán conciencia da importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

En canto á contribución á **competencia cultural e artística** podemos destacar que o contacto coas diferentes realidades culturais no mundo actual obriga ás empresas a adaptar os produtos ás diferentes sensibilidades e necesidades sociais e culturais. As empresas deben coñecer e respectar esas diferenzas e ofrecer diferentes posibilidades e alternativas que satisfagan os potenciais clientes. Por outro lado, as necesidades de

deseñar (logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade) contribuirán a desenvolver as capacidades artísticas, de iniciativa, imaxinativas, o fomento da creatividade en suma, dos nosos alumnos.

O Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe á **competencia para aprender a aprender** fomentando a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir xuntas bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

No que toca á **competencia para á autonomía e iniciativa persoal**, a nosa materia axuda os estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas e como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo.

A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia. O desenvolvemento de proxectos emprendedores contribúe a que os alumnos e as alumnas se habitúen a transformar as ideas en accións planificadas, propoñéndose obxectivos, planificando e deseñando, levando a cabo os proxectos e avaliándoos finalmente. Tamén implica desenvolver habilidades relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, a capacidade de organización. En suma, a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, responsabilidade e sentido crítico.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

A Educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na lingua galega, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os trazos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a lograr a adquisición das seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.
2. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.
3. Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.
4. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.
5. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
6. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.
7. Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
8. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.
9. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilízala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunícala de forma organizada e intelixible aos demais.
10. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

11. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

5. CONTIDOS

Bloque 1. O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras.

UNIDAD 1. A importancia da motivación por emprender: importancia económica e social do emprendedor.

UNIDAD 2. As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais.

UNIDAD 3. Habilidades de dirección.

UNIDAD 4. Fontes de ideas. Como atopar ideas.

UNIDAD 5. Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada.

Bloque 2. Planificar para emprender.

UNIDAD 6. A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans. Elaboración do plan emprendedor.

UNIDAD 7. A concreción da idea. A presentación das persoas promotoras do proxecto. A forma xurídica elixida.

UNIDAD 8. Características do produto ofrecido. A quen vai dirixido. A difusión do proxecto.

UNIDAD 9. Como se vai desenvolver o proxecto. Os recursos humanos necesarios.

UNIDAD 10. O financiamento necesario. A previsión dos resultados.

Bloque 3. A posta en marcha: a execución do proxecto.

UNIDAD 11. Formas xurídicas de empresa. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións. Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais...

UNIDAD 12. As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo, entrevista de traballo.

UNIDAD 13. As axudas aos proxectos emprendedores. A memoria do proxecto.

UNIDAD 14. Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora.

6. TEMPORALIZACIÓN

O número de sesións semanais de 50 minutos que lle corresponde á materia en 3º curso de ESO para desenvolver toda a programación prevista é de 2.

Hai que sinalar que a temporalización non é algo ríxido, senón que se irá adaptando en función do marco cronolóxico-temporal de cada avaliación así como dos acontecementos que vaian xurdindo: dificultades nalgún punto concreto, comentario de noticias relacionadas coa materia e que poidan resultar de interese para os alumnos, visitas culturais, participacións en programas ou concursos, excursións... Por iso, de maneira orientativa plantéxase a seguinte distribución:

1ª Avaliación: Bloque 1 e comezo superficial do Bloque 2

2ª Avaliación: Continuación e finalización do Bloque 2.

3ª Avaliación: Bloque 3.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se pretende desenvolver ha de partir dos coñecementos que teñen os alumnos da realidade que lles rodea, así como das súas expectativas e interese. A través de actividades eminentemente prácticas han de propiciarse as condicións favorables para que o alumno despreague unha actividade mental creativa e diversa que lle permita a adquisición de coñecementos e experiencias necesarios para o desenvolvemento do espírito emprendedor.

Plantexaráselle ao alumnado o reto de identificar unha oportunidade ou actividade de interese e desenvólvela analizando o beneficio resultante da mesma, tanto a nivel individual como social. A observación e análise do contexto social, cultural e económico, a planificación e organización do traballo, a realización de variada tarefas, a asunción de responsabilidades e a posta en práctica dun espírito crítico son accións que xeran aprendizaxes significativos e útiles para o desenvolvemento persoal e profesional do alumno.

Mediante o traballo en equipo, as simulacións e a dinámica de grupos, o alumnado adquirirá as habilidades sociais básicas tan necesarias para a relación cos demais en tódolos ámbitos.

Facilitaráselle ó alumnado a asimilación dos novos conceptos dende un enfoque globalizador que permita integrar a iniciativa emprendedora con outras áreas de coñecemento.

Estimularase a autoconfianza, a motivación por o logro de metas, a iniciativa persoal e a capacidade para comprender e asumir riscos para a consecución de obxectivos emprendedores.

Integrar as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta do proceso de ensino-aprendizaxe achegará ao alumnado á realidade actual.

Dado o carácter práctico de esta materia e a amplitude dos seus obxectivos e contidos, considérase esencial, como calquera obradoiro que pretenda ser efectivo, partir de grupos non superiores a 15 alumnos, así como da utilización da aula de informática para poder realizar a gran cantidade de actividades que hai programadas e que se consideran necesarias para acadar os obxectivos do curso.

8. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos orais:

Explicación do docente.

Debates, comentarios e análise de información e noticias.

Técnicas de dinámicas de grupos.

Recursos e materiais escritos:

A Creación de Empresas. Material de apoio á creación de empresas no ámbito da formación profesional. BIC Galicia.

Fichas do Obradoiro de iniciativas emprendedoras. BIC Galicia.

Iniciativa empresarial. Editorial Editex.

Revistas especializadas: Emprendedores, Capital...

Prensa: “La Voz de Galicia” e outros xornais.

Libros de lectura: “La Buena Suerte” de Álex Rovira y Fernando Trias de Bes.
Edicións Urano.

“Las aventuras de Johnny Bunko: la única guía que necesitas para tu futuro” de Daniel H. Pink. Editorial Empresa Activa.

Outros libros da biblioteca ou suxeridos por o alumnado.

Outros recursos:

Para cada alumno ou alumna, ordenador con conexión a internet e programas como procesador de texto e de presentacións.

Realización dun blog educativo.

Aula virtual co entorno moodle accesible desde a páxina web do instituto.

Xogos de simulación empresarial.

Documentais e películas de interese.

CDs e memorias USB con documentación variada ou programas utilizables.

Concursos e programas como o *Mellor Xornalista Xuvenil* e o *Mellor blog do ano* (Concursos de La Voz de Galicia), *Concurso escolar de la Once*, *Programa valores de futuro (do BBVA)*, *Programa de Educación Financeira*, *Programa do Pasaporte Solidario* e/ou calquera outros nos que o alumnado estea interesado en participar.

9. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1. Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como axentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

2. Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedora (a individual, a social e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

3. Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autoconhecimento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

4. Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento.

Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

5. Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais.

Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, compre reflexionar facendo un labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Así mesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora e mostran hábitos de traballo individuais e cooperativos, asumen e responsabilízanse das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

6. Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social.

Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas.

Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

7. Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais. Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

8. Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos.

Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e como medio de deteccións de erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

9. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunca lingua estranxeira.

Trata de comprobar que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e as utilizan con frecuencia e eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que esixe coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Terán en conta os criterios de avaliación e concretaranse nos seguintes:

- ❖ Recoñecemento do papel e importancia do emprendedor.
- ❖ Coñecemento e achegamento as características do emprendedor: calidades persoais e habilidades sociais e directivas.
- ❖ Adecuada busca, xeración e valoración de ideas emprendedoras.
- ❖ Desenvolvemento dun proxecto emprendedor estruturando adecuadamente os seus elementos e avaliándoo.
- ❖ Identificación das características básicas e das diferenzas entre as principais formas xurídicas empresariais.
- ❖ Coñecemento dos principais trámites de constitución, obrigas e relacións da empresa.

- ❖ Xeración de mensaxes, documentacións e outras producións orais e escritas utilizando a linguaxe e as tecnoloxías de información e comunicación de maneira axeitada e correcta.

O alumnado deberá asistir a clase e participar nas actividades propostas mostrando unha actitude de respecto as compañeiros e á profesora e colaborando activamente no proceso de aprendizaxe.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un instrumento que nos permite coñecer a realidade educativa do alumnado. O seu obxecto principal é comprobar o grado en que se conseguiron os obxectivos marcados, e no caso de que se presenten desviacións respecto a eles, servirannos de ferramenta básica para introducir as medidas correctoras.

O sistema avaliativo terá carácter continuo. Farase unha inicial toma de contacto con tarefas sinxelas que nos permitan determinar o punto de partida da nosa intervención educativa. É necesario considerar, antes de emprender calquera actuación, as características, motivacións e coñecementos previos do alumnado.

A avaliación terá carácter formativo, sendo aplicada ó longo do desenvolvemento do curso e do proceso de ensino-aprendizaxe, mediante un seguimento exhaustivo das actividades realizadas, as actitudes e intereses mostrados polo alumnado, así como a evolución da realización dun proxecto emprendedor nunha parte do curso, permitindo detectar o seu continuo progreso.

Finalmente, terá natureza sumativa, xa que ó finalizar o curso nos permitirá obter unha cualificación global en relación ó grado de consecución dos obxectivos iniciais por parte de cada alumno.

.- Procedemento de avaliación ordinaria

Entenderase que un alumno ou alumna obtén avaliación positiva cando acada un mínimo de 5 puntos ó remate do período ordinario.

.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Para aqueles alumnos e alumnas que non acaden os mínimos esixibles para obter unha avaliación ordinaria positiva, haberá a opción de acudir a unha avaliación extraordinaria consistente nunha proba obxectiva e a entrega dun proxecto nas datas que a tal fin sexan fixadas polo centro.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar unha adecuada intervención educativa, é necesario plantexar unha avaliación ampla e aberta á realidade das tarefas de aula e das características do alumnado, con especial atención ao tratamento da diversidade.

A avaliación debe apoiarse na recollida de información, por tanto é necesario determinar as características dos documentos ou rexistros esenciais utilizados para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, entre eles subliñamos os seguintes:

- Ser moi variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e contidos curriculares e contrastar datos da avaliación dos mesmos aprendizaxes obtidas a través dos seus distintos instrumentos.
- Poder ser aplicados, algúns deles, tanto pola profesora como polos alumnos en situacións de autoavaliación e de coavaliación.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- Utilizar distintos códigos (verbais, sexan orais ou escritos, gráficos, numéricos, audiovisuais, etc.) cando se trate de probas dirixidas ao alumnado, de modo que se adecúen ás distintas aptitudes e que o código non mediatice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.

- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade e a adquisición das competencias básicas.

Tódalas actividades desenvolvidas na aula son avaliáveis, así como tódolos procesos e esta mesma programación.

A continuación enumeramos algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- Observación sistemática
- Observación directa do traballo, comportamento e actitude na aula, sala de ordenadores, biblioteca, visita didáctica ou calquera outra situación.
- Revisión dos cadernos de clase e do traballo noutros soportes como o blog educativo.
- Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.
 - Analizar as producións dos alumnos
- Caderno de clase.
- Resumos.
- Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).
- Producións escritas en diversos soportes así como utilizando programas e recursos específicos como procesadores de texto, presentacións, blogs,...
- Traballos monográficos.
- Realización do proxecto emprendedor.
 - Avaliar as exposicións orais dos alumnos
- Debates.
- Postas en común.

- Diálogos.
- Role playing e simulacións.
 - Realizar probas específicas
- Obxectivas.
- Abertas.
- Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.
- Resolución de exercicios
- Autoavaliación
- Coavaliación

10. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Se cualificará en números enteiros de 0 a 10. Esta cualificación se obterá a partir da análise por parte do docente dos instrumentos de avaliación xa citados. En concreto:

-A asistencia, participación e evolución positiva na clase, que se analizan mediante a observación sistemática e a análise das producións do alumnado tanto oral como escrita ponderarán un 50% na cualificación final.

-Probas específicas. Estas se superarán cando o alumnado conteste correctamente como mínimo o 50% das cuestións plantexadas (5 puntos). Ponderarán un 50% na cualificación final, sendo necesario para a cualificación final positiva ter polo menos un 5 en cada unha das dúas clases de cualificación ponderables.

O número de probas específicas será variable, atendendo ao grado de dificultade e extensión dos temas nos que se estrutura a materia, de feito, pode que non sexa

necesario realizar ditas probas en todas ou algunhas avaliacións, o enfoque práctico que adopta esta materia permite que a avaliación doutras variables observables xa indicadas como instrumentos de avaliación poidan servir suficientemente para construír unha medida do proceso de aprendizaxe do alumnado. Será necesario, de calquera maneira, que se acade un 5 polo menos en todas e cada unha das probas e instrumentos avaliados así como en cada unha das tres avaliacións do curso.

Calquera actuación sospeitosa dos alumnos na realización das probas escritas ou orais relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo, incluída a copia ou axuda dalgún compañeiro ou compañeira, suporá a avaliación negativa da convocatoria ordinaria en curso.

No caso de que o alumnado teña faltas de asistencia estas poderán restar ata 0,33 puntos cada unha en cada avaliación, se estas están xustificadas comezarán a diminuír a cualificación dende as 4 faltas.

Si durante as clases ou calquera outras actividades os alumnos son amoestados por unha falta de respecto cara aos compañeiros ou a profesora, ou por outra circunstancia como a negativa a realizar ou acudir a actividades complementarias, o mal comportamento, a utilización do móbil sen autorización expresa... este apercibimento poderá supoñer, dependendo da súa gravidade a diminución de 1 punto ata o suspenso na avaliación correspondente.

Programa de recuperación:

- a) Da propia materia durante o curso

Ao alumnado que durante o curso non acadara unha cualificación de cinco puntos, facilitaráselles procedementos de recuperación das avaliacións parciais, por medio de probas obxectivas ou de actividades e exercicios periódicos segundo sexa o caso. Ao finalizar o terceiro trimestre farase unha proba final de recuperación, será requisito imprescindible para superara materia presentar o traballo do proxecto emprendedor.

- b) De materias pendentes doutros cursos

Plantexaranse plans de traballo individualizados para facilitar que o alumnado acade os obxectivos e mínimos esixibles, debendo entregar o traballo do proxecto emprendedor, eixe principal da materia.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

NIVEIS DE ACTUACIÓN NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un suposto fundamental do Ensino Secundario Obrigatorio é atender ás necesidades educativas de todos o alumnado, pero este ten distinta formación, distintos intereses e distintas necesidades, por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria.

A atención á diversidade ímola a contemplar desde tres niveis: na programación de aula, na metodoloxía e nos materiais.

-Programación de aula:

A programación de aula ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao finalizar a etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos.

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse as diferenzas entre os alumnos. A falta de comprensión dun contido pode ser debido, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno, pode ser debido tamén, a que se avanza con demasiada rapidez e non dá tempo a realizar unha mínima comprensión, ou que o interese e a motivación do alumno sexan baixos.

A programación de aula debe ter en conta aqueles contidos nos cales os alumnos conseguen rendementos diferentes. Aínda que a práctica e a utilización de estratexias deben desempeñar un papel importante no traballo de todos os alumnos, o tipo de actividade concreta que se realice e os métodos que se utilicen variarán

necesariamente dacordo cos diferentes grupos de alumnos, e o grado de complexidade e profundidade da comprensión que se acade non serán iguais en todos os grupos.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitar recursos ou estratexias variados que respondan ás necesidades de cada un, e sobre todo, daqueles alumnos con necesidades educativas especiais permanentes.

Metodoloxía

A atención á diversidade, desde o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe e levar ao docente a:

*Detectar os coñecementos previos dos alumnos ao empezar cada unidade. Aos alumnos nos que se detecte algunha lagoa nos seus coñecementos, débeseles propoñer un ensino compensatorio, no que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.

*Procurar que os contidos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo.

*Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e establecer as adaptacións correspondentes.

*Procurar que a comprensión do alumno de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.

A resposta educativa á diversidade, entendemos que ten como eixe fundamental o principio da individualización do ensino. O tratamento e a atención á diversidade realizámolo pedagoxicamente desde a formulación didáctica dos tipos de actividades.

Consideramos que o elemento do currículo que mellor materializa este tratamento é o correspondente aos distintos tipos de actividades. Considerámolas necesarias para espertar motivacións e intereses, constituíndo un medio excelente na nosa intervención didáctica mediante as correspondentes estratexias de aprendizaxe que suscitamos. Distinguiremos os seguintes tipos:

*Iniciais ou diagnósticas, imprescindibles para determinar os coñecementos previos do alumno e da alumna. Son esenciais para establecer a ponte didáctica entre o que coñecen os alumnos e alumnas e o que queremos que saiban, dominen e sexan capaces de aplicar, para acadar unha aprendizaxe significativa e funcional.

*Actividades de reforzo inmediato, concretan e relacionan os diversos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que pretendemos acaden os nosos alumnos e alumnas, manexando reiteradamente os conceptos e utilizando as definicións operativas dos mesmos. Á súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas. Suscítanse ao fío de cada contido.

*Actividades finais: avalían de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos que pretendemos acaden os nosos alumnos e alumnas. Tamén serven para atender á diversidade do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo cos coñecementos e o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado desta etapa educativa. Suscitámolas ao final de cada unidade didáctica.

-Materiais

A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha gran importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto dos alumnado. Algúns das formulacións que deben recoller eses materiais concréntanse a continuación:

*Presentación de esquemas conceptuais ou visións panorámicas, co fin de relacionar os diferentes contidos entre si.

*Informacións complementarias como aclaración ou información suplementaria, ben para manter o interese dos alumnos e alumnas máis avantaxados, para insistir sobre determinados aspectos específicos, ou ben para facilitar a comprensión, asimilación ou maior facilidade de apreensión de determinados conceptos.

*Formulación coherente, rico e variado de imaxes, ilustracións, cadros e gráficos que nos axudarán nas nosas intencións educativas.

*Propostas de diversos tratamentos didácticos: realización de resumos, esquemas, sínteses, redaccións, debates, traballos de simulación, etc., que nos axudan a que os alumnos e alumnas poidan captar o coñecemento de diversas formas.

*Materiais complementarios, que permiten atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar para cada tipo de alumno. Outros materiais deben proporcionar aos alumnos toda unha ampla gama de distintas posibilidades de aprendizaxe.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dentro deste apartado, o Departamento estudia programar distintas actividades como son:

*Visita didáctica a algunha empresa de interese ou ao CEI- Nodus ou á Fundación Cel onde acollen viveiros de empresas, sendo avaliadas outras alternativas como ir a Santiago de Compostela para asistir a un xuízo, visitar o Parlamento galego e/ou a TVG (en colaboración con outros departamentos), ou visitar a “La Voz de Galicia” e o seu museo (na Coruña).

*Participación en concursos e programas como o *Mellor Xornalista Xuvenil* e o *Mellor blog do ano* (Concursos de La Voz de Galicia), *Concurso escolar de la Once*, *Programa de Educación Financeira*, *Programa do Pasaporte Solidario* e/ou calquera outros nos que o alumnado estea interesado en participar.

*Utilización nas clases da aula de ordenadores para, ademais de participar en xogos, concursos, simuladores ou programas educativos, facer exercicios de busca de información de actualidade e de intervención en actividades de interese, como elaboración dun blog educativo e a participación na aula virtual da materia.

*Lectura obrigatoria dos libros “La Buena Suerte”, “Las aventuras de Johnny Bunko: la única guía que necesitas para tu futuro” e o cómic “Emprender en 1/2 hora” (colgado na aula virtual). Poderanse tamén propoñer outros libros de interese para ler de forma voluntaria, e no caso de alumnado repetidor aconsellaranse outros libros como “Fish”.

*Utilización un día á semana de La Voz de Galicia, dentro do programa Prensa na Escola impulsado por dito xornal.

*Proxección de documentais e películas relacionadas coa empresa e o espírito emprendedor en xeral.

*Conferencias e charlas sobre aspectos relacionados coa materia, ben na mesma aula ou fóra dela....

Este Departamento potenciará a participación activa do alumnado en conmemoracións, campañas ou calquera outro tipo de actividades propostas polo Centro, a autoridade educativa e/ou outras institucións como o día do Emprendedor, o día de Europa,...

13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

En cada unha das sesións horarias adicarase alomenos 15 minutos á lectura comprensiva: lectura e interpretación de textos orais e escritos , comentarios de textos, escritura de textos, tanto tipo redacción como diálogos, exposicións... Preténdese que o alumno-lector acade unha serie de habilidades:

- Empregar os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
- Dirixir de xeito autónomo a súa lectura: atención, corrección de erros, ...
- Empregar estratexias para acadar a comprensión: revisión, insistencia...
- Distinguir o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.
- Resumir o lido como estratexia de comprensión.
- Realizar preguntas sobre o lido.

14. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Obxectivos xerais do alumnado:

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e extensión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

Dende este Departamento potenciarase e facilitarase a aprendizaxe e o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na realización de actividades específicas, presentacións de traballos do alumnado, busca de información en Internet, elaboración dun blog, a participación na aula virtual da materia, utilización de programas ... Pois como indica o DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, “a materia Obradoiro de iniciativas emprendedora contribúe dun xeito especial á consecución da competencia dixital e do tratamento da información.

A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novidosos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos...”

15. SISTEMA DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar a eficacia da presente programación didáctica de cara aos posibles cambios en futuros cursos establécese, en primeiro lugar, e como xa se indicou en apartados anteriores, a necesidade de realizar unha proba inicial ao alumnado que reflecta o nivel dende onde se parte. Por outra parte, é conveniente levar un rexistro onde se recollan as incidencias detectadas ao longo do curso, a consecución dos obxectivos, o nivel alcanzado nos contidos, os resultados derivados da metodoloxía e materiais didácticos utilizados, o cumprimento da temporalización prevista, a porcentaxe de cualificacións positivas, o grado de satisfacción obtido no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares planificadas, as opinións e suxestións dos alumnos e calquer outro aspecto que poida aportar dalgún xeito algunha mellora na actividade docente e/ou no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Pódese utilizar unha táboa de apoio como a seguinte:

<i>CRITERIO</i>	<i>OBSERVACIÓNS</i>	<i>CONCLUSIÓN</i>
OBXECTIVOS		
CONTIDOS		
TEMPORALIZACIÓN		
METODOLOXÍA RECURSOS DIDÁCTICOS	E	
AVALIACIÓN		
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES	E	
APORTACIÓN CONSIDERAR	A	